



Concello de Xove

Expediente núm.: 20/2025

Procedemento: CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ENTROIDO 2025.

Documento asinado por: A SOCIÓLOGA.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DO ENTROIDO DO CONCELLO DE XOVE 2025.

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación o RD 887/2006, do 21 de xullo ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Sábado de Entroido, con motivo da celebración do desfile de entroido, establece as normas reguladoras da participación e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de entroido organizado polo Concello de Xove para o sábado, día 1 de marzo de 2025.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios/as destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo, a través dun poder asinado por tódolos/as participantes. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.





Concello de Xove

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto.

-Copia do N.I.F. do concursante ou proxenitor/a, titor/a ou representante legal, para o caso dos/as participantes menores de idade.

2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome da asociación e o seu NIF e o nome do grupo ocasional, así como tamén o nome, apelidos e NIF do representante da asociación ou do grupo.

-Poder ou autorización, asinado por tódolos/as compoñentes, no que se nomee ó representante para actuar no nome do grupo (só no caso dos grupos ocasionais).

-Copia do NIF do representante da asociación ou do grupo.

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas).

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben comparecendo nas dependencias do Concello de Xove na Oficina da Socióloga ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-Almacén do Concello, a carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile.

TERCEIRA.- NORMAS DO DESFILE

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

1. Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile.

2. Colaborar na orde de colocación á hora da saída do desfile; sendo a orde a seguinte: 1º Individuais Infantís. 2º Individuais Adultos. 3º Parellas Infantís. 4º Parellas





Concello de Xove

Adultos. 5º Grupos Infantís. 6º Grupos Adultos. 7º Comparsas e Grupos de dez persoas ou máis. 8º Carrozas.

3. Gardar a orde de saída durante todo o desfile, mantendo sempre a distancia prudente entre os outros/as participantes.

4. Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes

5. Se os participantes se acompañan de calquera tipo de dispositivo ou artefacto, deberán velar en todo momento pola seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.

6. Queda prohibida a utilización de animais no desfile, sen prexuízo do disposto na Lei 7/2023, do 28 de marzo, de Protección dos Dereitos e Benestar dos Animais, e na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia.

7. No desenvolvemento do propio desfile, no paso do mesmo polo tramo da Estrada Xeral LU-862 dirección Viveiro, co fin de garantir a máxima seguridade tanto para participantes como para o público en xeral, as persoas que asistan como público deberán usar as beirarrúas, e os/as participantes (individuais, parellas,... carrozas ou calquera outro tipo de estruturas) que desfilen poderán ocupar ambos carrís.

8. Non se permitirán representacións de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos/as espectadores/as, moitos deles/as nenos/as.

9. Para recibir o premio é obrigatoria a asistencia á cerimonia de entrega de premios que se celebra o mesmo día do desfile (durante o baile infantil entregaranse os premios infantís, e durante o baile de maiores, os premios de adultos). Será imprescindible ir ataviados/as co disface no momento da entrega de premios.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto como mínimo por tres membros designados pola organización do concurso.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO





Concello de Xove

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 5.385,66 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2024 prorrogado para 2025).

SEXTA.- PREMIOS

Carrozas: *(Coche, carro, ou estrutura móbil con decoracións, ocupado por persoa/-s disfrazada/-s, que representan algunha temática, e montado e preparado expresamente para participar nun desfile de entroido)*

1º premio: 500 euros

2º premio: 350 euros

3º premio : 250 euros

4º premio: 250 euros

5º premio: 200 euros

6º premio: 200 euros

Comparsas e grupos de dez persoas ou máis:

1º premio: 300 euros

2º premio: 250 euros

3º premio : 200 euros

4º premio: 200 euros

5º premio: 150 euros

6º premio: 150 euros

Grupos de adultos de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos/as compoñentes do grupo deben ser maiores de 14 anos).

1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio : 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

Grupos infantís de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos/as compoñentes do





Concello de Xove

grupo deben ser menores de 14 anos).

1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio : 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

Parellas adultos

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

Parellas infantís

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

Individuais adultos (de 14 anos en diante).

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

Individuais infantil (menores de 14 anos).

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

Premio ao disfrace máis orixinal (pode ser tanto individual como colectivo):

30,00 euros





Concello de Xove

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao participante máis novo/a: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30,00 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, será do 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 617,28 euros; a do segundo, de 432,09 euros e a do terceiro e cuarto, 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 370,37 euros e a do segundo, 308,64 euros.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria, no número de conta que os/as participantes proporcionan na ficha de inscrición. Para percibir os premios debe observarse o cumprimento do punto 9 da Base Terceira das presentes bases reguladoras.

OITAVA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración





Concello de Xove

Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, no será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

